



Especial test: ¿MÓLANCHE OS CHISMES??

Os chismes e rumores poden ser divertidos, pero, e ti?, prefires manterte á marxe ou encántache estar ó día de todo o que acontece no teu instituto??

- Señala a resposta mais acorde coa túa personalidade e forma de actuar. Tes que ser sincera, se non, non vale!

1. Estás coa tua amiga na piscina. De repente pasa ó voso carón a súa compañeira de pupitre, que ten moi bon tipo:
A) Se ten un corpo bonito fixámonos na cara a ver se lle atopamos algún defecto. Non pode ser perfecta!!
B) Pregúntolle á miña amiga cousas sobre ela: ten mozo? Saca boas notas? Ten moitas amonestacións?, é unha forma de charlar de algo
C) Míroa e coméntolle á miña amiga a sorte que ten por ter ese tipazo
2. A túa amiga está en crisis co seu mozo e pasase o día botando pestes sobre él e a súa relación. Que lle dis?
A) Primeiro escoitoa e, logo, se teño que darlle a razón doulla, e se lla teño que quitar, quítolla...Eso sí, doulle consellos
B) Comprendo que ela sufra se non se levan ben, mais eu paso de intervir en problemas de parella. A min que me manteñan á marxe
C) O meu papel como amiga é poñelo verde tamén, de feito aproveito para contarlle cousas sobre él que a miña amiga descoñecía
3. A túa amiga e ti coñecedes a un rapaz novo no instituto. Él é moi tímido, e cando fala con vos ponse a tartamudear:
A) Xa o imaxino: convértese no pardiño do instituto e, cada vez que quedamos a solas miña amiga e eu imitámolo e partímonos de risa.
B) Finxo que non me dou conta do seu problema e sigo falando con él de forma normal. E se vexo que a miña amiga se vai rir arréolle un codazo
C) "Daste conta do que é tartaja?", pregúntolle alucinada, pero ó oído para que él non me poida escoltar
4. Como reaccionarías se te enteras que alguén da túa clase inventou un rumor sobre ti)
A) Doeríame moito e posiblemente deixaría de falarlle
B) Non pasa nada! Xa se descubrirá que é un mentireiro
C) Dirixiríame a él directamente e preguntarlle porque minte sobre min

